

Novidades na orde de CADP para se adaptar á nova organización dos corpos que imparten na FP e para incorporar cambios e recortes nas renuncias do persoal interino

A orde que modifica a actual orde de CADP que a Consellaría trouxo á Mesa Sectorial incorpora varios cambios relacionados especialmente co profesorado que imparte docencia na FP e nos motivos de renuncia do persoal interino, logo da actualización do acordo pactado polos demais sindicatos e a Consellaría, que aplica algunhas melloras, nalgúns casos demandadas en solitario durante anos pola CIG-Ensino e que, ao propoñelas por fin a Consellaría, foron aceptadas polos sindicatos asinantes.

Mais destacan sobre todo as limitacións á hora de renunciar, tras o último pacto sindical ao que nos opuxemos novamente en solitario.

No texto tamén aparecen outros cambios sobre os que a posición da CIG-Ensino na Mesa foi a seguinte:

Comunicación de falta de horario

A data para que a Inspección comunique o número de docentes e as especialidades que non van ter horario no próximo curso ampliase desde o 10 ao 30 de xuño, o que vai provocar que se teñan que convocar reunións para determinar quen queda desprazado ou suprimido no mes de xullo. Solicitamos que se manteña a data actual.

A Consellaría unicamente se compromete a que a comunicación estea canto antes e que todos os trámites se poidan realizar antes de finalizar o mes. Para a CIG-Ensino isto é insuficiente e non obriga á inspección.

Distribución de profesorado especialista de FP en diferentes corpos.

A CIG-Ensino está de acordo coa proposta da Consellaría de que todo o profesorado que forma parte de listas de profesorado especialista en especialidades non oficiais

actualmente vinculadas ao corpo de PTFP pase a PES sen que se modifiquen as condicións coas que accedeu a listas.

Consideramos unha discriminación que non se faga o mesmo con Prácticas e Actividades, especialmente se temos en conta que unha parte do profesorado que traballa nos

CREDO forman parte da lista de Servizos á Comunidade, que pasa a PES. Reclamamos que pasen a PES.

A Consellaría acepta incorporar Prácticas e Actividades como unha especialidade de PES. Con independencia deste cambio o profesorado de Servizos á Comunidade terá que facer dúas

A orde incorpora tamén unha modificación da orde de comisións de servizos de saúde á que se comprometera a Consellaría o curso pasado, eliminando a referencia á duración máxima, con carácter xeral, de tres anos.

instancias igualmente. A Consellaría non vai abrir a porta a que funcionariado de carreira de Servizos á Comunidade poida pedir Prácticas e Actividades, que seguirá sendo exclusivamente para persoal interino.

Cambio na orde de comisións de saúde.

A Consellaría de Educación comprometérase a cambiar a actual redacción desta orde para eliminar a referencia á duración máxima de tres anos, con carácter xeral, xa que estaba a producir importantes distorsións polas restritivas interpretacións dunha parte da Inspección médica. Existen casos de enfermidades propias e de familiares que non se solucionan en tres anos ou que mesmo poden estenderse moito máis no tempo (coidado de ascendentes ou descendentes con alta discapacidades) que requirían dunha redacción que non fixe ningún límite que non sexa a propia evolución da enfermidade que dá lugar á comisión. O cambio proposto reproduce, por tanto, o resultado dos debates no seo da comisión que revisa as solicitudes de comisións de servizo por saúde e está na liña do que a CIG-Ensino leva defendendo desde hai anos.

Propoñemos que os requisitos das idades dos fillos e fillas na orde de concilia e para poder renunciar e restrinxir zona sexan os mesmos.

A Consellaría decidiu aplicar uns criterios similares aos das comisións de conciliación para que o profesorado interino poida renunciar. Como é sabido, a CIG-Ensino propoñía un único requisito de ter un fillo ou filla menor de 12 anos. Unha vez que a administración optou por esa vía, o que non ten sentido é que non se equiparen ambos casos, porque do contrario o único que provoca é confusión no profesorado e maior carga de traballo para o control de documentación.

Por tanto, a CIG-Ensino propón:

- Que se amplíe a 6 anos a idade do fillo ou filla no Tipo I das concilias (actualmente en 4) para equiparao co dereito a renuncia do persoal interino.
- Que a idade das crianzas se compute a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior para as renuncias (e non a 1 de setembro como se propón), como se fai nas concilias.

A Consellaría non acepta a primeira proposta e vai “darlle unha volta” á segunda.

Cambios que afectan ao persoal interino

A Consellaría traslada a esta orde o resultado do pacto cos demais sindicatos, co que se limitan dun xeito moi relevante a posibilidade de renunciar por ampliación de estudos e se amplía dun xeito insuficiente pola atención de fillos e fillas. **Non aceptan pór a cero o contador das renuncias.**

Renuncias e restrición de zonas:

- Elimínase a posibilidade de renunciar por estudos de formación profesional.
- Limitase enormemente a posibilidade de renunciar por estudos universitarios:
 - A Consellaría comunica que retira do texto que os tres anos actuais teñan que ser continuados, manténdose como na actualidade.
 - Para ter dereito a un cuarto e quinto ano será necesario ter superado 90 créditos da mesma titulación, sen contar coas materias validadas.
- Melloran, como levaba anos propoñendo a CIG-Ensino, as condicións para renunciar por ter un contrato de traballo, que poderá ser de calquera tipo, incluído ter traballo por conta propia, neste caso cando exista unha cotización previa mínima de 6 meses ao chamamento. Na Mesa, a CIG-Ensino propuxo que se reducise a 3 meses esa cotización previa mínima.

- Incorporase a renuncia indefinida para quen xustifique impartir cursos de formación da SXPL.
- Amplían os casos de renuncia por fillos e fillas sen aceptar a nosa proposta de estendela con carácter mínimo xeral aos 12 anos e aplicando os mesmos criterios das comisións de conciliación. Así queda o tope de idade dos fillos e fillas (cumprida a 1 de setembro):
 - 1 fillo/a: 6 anos (8 anos se hai unha única proxenitora ou proxenitor)
 - 2 fillos/as: 10 anos se hai unha única proxenitora ou proxenitor ou 12 anos se un dos fillos ten unha discapacidade igual ou superior ao 33%
 - 3 fillos: 12 anos (16 anos se hai unha única proxenitora ou proxenitor)

Aquí podes consultar a posición da CIG-Ensino ao respecto dos cambios propostos pola Consellaría e aceptados polos demais sindicatos ao respecto do persoal interino. [Ligazón](#)

Novidades para as antigas especialidades de PTFP

Logo da extinción do corpo de PTFP as 29 especialidades divídense entre as que pasan a PES e as que o fan ao novo corpo de PESSFP.

Nas 19 especialidades que pasan a PES poderá pedir destino provisional o profesorado destas especialidades que sexa:

- Funcionariado integrado no corpo de PES que pode pedir destino provisional (desprazado, comisión de servizos, etc)
- Funcionariado declarado para extinguir no corpo de PTFP, nas mesmas condicións que o anterior.
- Profesorado interino cuxa lista pasa a ser de PES.

Nas 10 especialidades do corpo de PESSFP poderá pedir destino provisional o profesorado destas especialidades que sexa:

- Funcionariado integrado no corpo de PES que pode pedir destino provisional (desprazado, comisión de servizos, etc)
- Funcionariado declarado para extinguir no corpo de PTFP, nas mesmas condicións que o anterior.
- Profesorado interino integrado cuxa lista pasa a ser de PESSFP.

Respectase a antigüidade de cada corpo de procedencia á hora da adxudicación e serán tratados en pé de igualdade.

A Consellaría adaptará as solicitudes de quen estea obrigado a participar para que figure cos novos códigos de corpos e especialidades.

A Consellaría aceptou a proposta da CIG-Ensino de incluír no corpo de PES (subgrupo A1) a especialidade de Prácticas e Actividades.

XXXII xornadas de lingua e literatura

Sábado, 22 de abril de 2023

IES As Fontiñas (r/ Estocolmo 5. Santiago)

Mañá

9:45 h: Recepción e entrega de material

10:00-11:30 h

CONFERENCIA: *Mulleres e teatro en Galicia: heterodoxas e rebeldes.*

INMA LÓPEZ SILVA, Escritora e crítica teatral. Profesora na ESAD de Galicia

Moderadora: SUSO BERMELLO, Secretario Nacional da CIG-Ensino.

11:30-12:30 h

CONFERENCIA: *MANUEL LOURENZO, o autor fala da súa obra.*

Moderadora: CRISTINA DOMÍNGUEZ DAPENA, profesora de voz, directora de escena.

12:30-14:00 h

COLOQUIO: *A presenza das mulleres no teatro galego. Enterrando o papel de eternas secundarias.*

ÁNXELES CUNHA (pedagoga, dramaturga e directora teatral), PAULA CARBALLEIRA (dramaturga, autora, actriz, directora, narradora oral), MELANIA CRUZ, (actriz e docente teatral)

Moderadora: MAR ÁLVAREZ, xornalista.

Tarde

OBRADOIROS:

16:00 h

Teatro nas aulas.

MEMBROS DO GRUPO QUINQUILLÁNS.

17:00 h

Traballo teatral na adolescencia: un modelo.

FRAN GODÓN, actor, autor, director teatral e docente en secundaria.

18:00 h

Aulas sen paredes: materiais e recursos para traballar a expresión dramática e teatral.

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL, escritora e docente.

ACTUACIÓN

19:00 h

A vida é conto.

SOLE FELLOZA, actriz e contacontos.

Solicitada a homologación por 8 horas lectivas. MATRÍCULA: gratuíta
PARA INSCRIPCIÓN NAS XORNADAS: www.cig-ensino.gal e www.as-pg.gal